

ACTIVIDADES

Base de Datos: Para facer traballo colaborativo entre varios alumnos, serve para facer, por exemplo, un ficheiro de libros para a biblioteca ou para gardar páxinas web relativas a un tema concreto; nós deseñamos os campos que teñen que cubrir e eles o poden ir facendo pouco a pouco. É interesante para facer desde o comezo do curso pero require de aprendizaxe pola súa parte.

Comentarios: Para facer unha enquisa personalizada. A idea é que nos fagamos as preguntas e logo poidamos ver de xeito colectivo as respostas do alumnado (ou individual de cada un)

Conversa: Crear un chat onde poden escribir todos ao tempo. A interfaz non é moi boa e pode ser útil para cousas moi concretas con grupos pequenos.

Enquisa: Non confundir con “comentarios”, é unha enquisa prefixada sobre o traballo do docente e do sistema de aprendizaxe online, non se poden editar nin cambiar as preguntas

Escolla: É para facer unha pregunta directa, de opción múltiple, sen ter que facer cuestionarios nin probas, rápido e sinxelo. Os resultados son como en Comentarios (podes ter un informe xeral ou individual)

Exame Hot Potatoes / Ferramentas externas / Geogebra / JClic: Meter no noso curso o material elaborado externamente.

Foro: Un foro de conversa normal como o de presentacións deste curso. Está ben para que se poidan axudar pero na práctica só se usa para dar instrucións.

Games: Aforcado, Crucigrama, Sopa de Letras, 50x15, Sudokus, Serpes e escaleiras (unha especie de Xogo da Oca), Imaxe oculta, libro de preguntas. Facer un glosario de definicións e aproveitar para que xoguen ou usar preguntas para superar niveis. Interesante.

Glosario: Dicionarios de termos para empregar cos xogos ou como recopilación de definicións.

Grupo de escolla: Permite que o alumnado elixa por si mesmo formar parte dun agrupamento, útil cando se fan diferentes actividades colaborativas.

Journal: Especie de diario no que o alumnado podía responder, foi mellorado polo “Tarefa”

Lección: Crear contidos dos que se pode ir pasando a uns ou outros, en función da resposta que se da.

Paquete SCORM: Arquivo comprimido que engloba vídeo, imaxes, preguntas... que se “importa” como un conxunto (coma unha unidade didáctica completa)

Podcast: Creación de contidos de audio, ordenados e descargables.

Wiki: Creación dunha wikipedia particular. Para facer un traballo colaborativo a longo prazo.

Proba: Exame no que meter as actividades creadas.

Tarefa: Para exercicios de redacción en liña ou entrega de arquivos.

RECURSOS

Etiqueta: Introducir texto ou imaxes/vídeos no propio curso da AV para ilustrar o propio curso ou, incluso meter contido en liña (aínda que non ten moito sentido)

Ficheiro: Subir un arquivo de texto/imaxe para que o alumnado o descargue e traballe con él (apuntes)

Libro: Crear apuntes en formato libro para que os descarguen

Páxina: Crear unha páxina web

URL: Subir o link a unha páxina web para que se poida visitar directamente